2. Os labores de limpeza, sobre elementos de titularidade non municipal, so se realizarán naquelas elementos que linden con espazos de uso público, e realizaranse con cargo as persoas responsables da comisión da infracción que comporta a realización da pintada ou graffiti. Así, no caso de que sexan identificadas as persoas responsables da realización da pintada ou graffiti, o Concello tramitará o correspondente procedemento sancionador e esixirá o resarcimento dos custos da correspondente limpeza.

2. Las labores de limpieza, sobre elementos de titularidad no municipal, solo se realizarán en aquellos elementos que linden con espacios de uso público, y se realizarán con cargo a las personas responsables de la comisión de la infracción que implica la realización de la pintada o grafiti. Así, en el caso de que sean identificadas las personas responsables de la realización de la pintada o grafiti, el Ayuntamiento tramitará el correspondiente procedimiento sancionador y exigirá el resarcimiento de los costes de la correspondiente limpieza.

Estas actuacións de limpeza serán sempre discrecionais para o Concello e condicionadas á dispoñibilidade de medios, a complexidade da actuación e a natureza do elemento a limpar.

Estas actuaciones de limpieza serán siempre discrecionales para el Ayuntamiento y condicionadas a la disponibilidad de medios, la complejidad de la actuación y la naturaleza del elemento a limpiar.

3. O Concello actuará de forma directa nos traballos de limpeza de pintadas e graffitis no mobiliario urbano, muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos e, en xeral, calquera elemento integrante da cidade.

3. El Ayuntamiento actuará de forma directa en los trabajos de limpieza de pintadas y grafitis en el mobiliario urbano, muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos y, en general, cualquier elemento integrante de la ciudad.

Naqueles casos nos que, pola natureza da pintada ou graffiti, pola natureza do elemento onde están realizadas ou por

En aquellos casos en los que, por la naturaleza da pintada o grafiti, por la naturaleza del elemento donde están

outra circunstancia relevante, se considerase necesario, solicitarase do titular do dito elemento a autorización a que o Concello realice a limpeza e a que o exima de responsabilidade polos resultados ou posibles danos derivados da limpeza a realizar.

realizadas o por otra circunstancia relevante, se considerara necesario, se solicitará del titular de dicho elemento la autorización a que el Ayuntamiento realice la limpieza y la que lo exima de responsabilidad por los resultados o posibles daños derivados de la limpieza a realizar.

4. As previsións aquí contempladas en relación os elementos de titularidade non municipal realízanse sen prexuízo da posibilidade de ditar ordes de execución os seus titulares, cando así se considere oportuno e necesario, de conformidade coa normativa vixente e tendo en conta a responsabilidade última que teñen os titulares sobre a conservación e mantemento dos elementos da súa titularidade".

4. Las previsiones aquí contempladas en relación a los elementos de titularidad no municipal se realizan sin perjuicio de la posibilidad de dictar órdenes de ejecución a sus titulares, cuando así se considere oportuno y necesario, de conformidad con la normativa vigente y teniendo en cuenta la responsabilidad última que tienen los titulares sobre la conservación y mantenimiento de los elementos de su titularidad".

TERCEIRO.- Someter a aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal de xestión de residuos municipais e limpeza viaria do Concello da Coruña ó trámite de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións que entendan procedentes.

TERCERO.- *Someter la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza municipal de gestión de residuos municipales y limpieza viaria del Ayuntamiento de A Coruña al trámite de información pública por el plazo de treinta días, contados a partir del día siguiente al da publicación del correspondiente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, a fin de que los interesados puedan presentar las reclamaciones o sugerencias que entiendan procedentes.*

No caso de que non se presenten reclamacións nin suxestións, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza municipal de xestión de residuos municipais e limpeza viaria do Concello da Coruña. A aprobación definitiva e o texto da modificación serán publicados no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación e haxa transcorrido o prazo de 15 días hábiles.

En caso de que no se presenten reclamaciones ni sugerencias, se entenderá definitivamente aprobada la modificación da Ordenanza municipal de gestión de residuos municipales y limpieza viaria del Ayuntamiento da Coruña. La aprobación definitiva y el texto de la modificación serán publicados en el Boletín Oficial de la provincia de A Coruña, sin que entre en vigor hasta que se lleve a cabo a dicha publicación y haya transcurrido el plazo de 15 días hábiles.

Presidencia

Ás dez horas e cincuenta e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

Ben, terá a palabra en primeiro lugar a concelleira, señora Fontán Prado e despois haberá unha quenda de cinco minutos por grupo para o debate antes da votación. Moitas grazas.

Señora Fontán Prado

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bo día a todos e a todas, os que nos seguen neste Pleno, xa sexa presencialmente ou por streaming...

Presidencia

Desculpe un momento, señora Fontán. Por favor, se poden abandonar a tribuna en silencio! Moitas grazas. Señora Fontán, desculpe.

Señora Fontán Prado

Grazas de novo, señora alcaldesa.

Ben, hoxe traemos o Pleno a preceptiva aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza de limpeza viaria. Neste caso, no que atinxe á eliminación de pintadas e graffitis. Trátase, pois, de dar cumprida resposta aos actos vandálicos contra bens, tanto de titularidade pública como privada, que degradan de xeito moi grave a estética e a limpeza da nosa cidade e que, miren vostedes, esta non é unha modificación calquera. Catro de cada dez edificios da nosa cidade presentan sinaturas, frases ou graffitis e mesmo no centro da nosa cidade, no pulmón turístico, no corazón do lecer dos coruñeses, este índice sube a dous de cada tres edificios. Deixamos destes datos fóra todos o mobiliario

Presidencia

A las diez horas y cincuenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.

Bien, tendrá la palabra en primer lugar la concejala, señora Fontán Prado y después habrá un turno de cinco minutos por grupo para el debate antes de la votación. Muchas gracias.

Señora Fontán Prado

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Buenos días a todos y a todas, a los que nos siguen en este Pleno, ya sea presencialmente o en directo...

Presidencia

Disculpe un momento, señora Fontán. Por favor, ¡si pueden abandonar la tribuna en silencio! Muchas gracias. Señora Fontán, disculpe.

Señora Fontán Prado

Gracias de nuevo, señora alcaldesa.

Bien, hoy traemos al Pleno la preceptiva aprobación inicial de la modificación puntual de la Ordenanza de limpieza viaria. En este caso, en lo que alcanza a la eliminación de pintadas y grafitis. Se trata, pues, de dar cumplida respuesta a los actos vandálicos contra bienes, tanto de titularidad pública como privada, que degradan de manera muy grave la estética y la limpieza de nuestra ciudad y que, miren ustedes, esta no es una modificación cualquiera. Cuatro de cada diez edificios de nuestra ciudad presentan firmas, frases o grafitis e incluso en el centro de nuestra ciudad, en el pulmón turístico, en el corazón del ocio de los coruñeses, este índice sube a dos de cada tres edificios. Dejamos de

urbano. Esta situación de feísmo -e mesmo de abandono- contribúe de xeito innegable á sensación de que a cidade está sucia. Incluso agora, que por mor do plan de choque, que está a piques de rematar, as nosas beirarrúas, viais, parques e a meirande parte do mobiliario urbano lucen máis limpos, cando paseamos e camiñamos, a nosa vista está á altura das paredes e é aí precisamente onde atopamos o problema. Problema para o cal todas as medidas que se foron implementando ata o de agora resultaron de todo punto insuficientes. Pero este non é un problema só da nosa cidade, outras de todo o territorio español sofren o mesma situación e tamén elas puxéronse á procura de solucións. E nelas, precisamente, nos fixamos á hora de facer esta reforma: Xixón, Vitoria, Salamanca, Oviedo, Zaragoza, Burgos e un longo etc. puxéronse mans á obra para rematar con graffitis, pintadas e sinaturas. E temos agora, ademais, unha oportunidade histórica para emprender esta reforma, que é precisamente, a entrada en funcionamento do novo contrato de limpeza no día de hoxe. Esta reforma chega, pois, no mellor dos momentos, posto que nese contrato está contemplada a limpeza dos graffitis.

estos datos fuera todos al mobiliario urbano. Esta situación de feísmo —e incluso de abandono— contribuye de manera innegable a la sensación de que la ciudad está sucia. Incluso ahora, que debido al plan de choque, que está a punto de finalizar, nuestras aceras, viales, parques y la mayor parte del mobiliario urbano lucen más limpios, cuando paseamos y caminamos, nuestra vista está a la altura de las paredes y es ahí precisamente donde encontramos el problema. Problema para el que todas las medidas que se fueron implementando hasta ahora resultaron de todo punto insuficientes. Pero este no es un problema solo de nuestra ciudad, otras de todo el territorio español sufren la misma situación y también ellas se pusieron a la búsqueda de soluciones. Y en ellas, precisamente, nos fijamos a la hora de hacer esta reforma: Gijón, Vitoria, Salamanca, Oviedo, Zaragoza, Burgos y un largo etc. se pusieron manos a la obra para finalizar con grafitis, pintadas y firmas. Y tenemos ahora, además, una oportunidad histórica para emprender esta reforma, que es precisamente, la entrada en funcionamiento del nuevo contrato de limpieza en el día de hoy. Esta reforma llega, pues, en el mejor de los momentos, puesto que en ese contrato está contemplada la limpieza de los grafitis.

Con esta reforma que sometemos á consideración deste Pleno estamos a dar pasos de xigante na limpeza integral da cidade. Non serán os últimos, pero si uns moi importantes.

Con esta reforma que sometemos a la consideración de este Pleno estamos dando pasos de gigante en la limpieza integral de la ciudad. No serán los últimos, pero sí unos muy importantes.

Sometemos, pois, a este Pleno, esta aprobación inicial agardando a que teña o consenso e polo de agora, nada máis e moitas grazas, señora alcaldesa.

Sometemos, pues, a este Pleno, esta aprobación inicial esperando a que tenga el consenso y por lo de ahora, nada más y muchas gracias, señora alcaldesa.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Muchas gracias, señora Fontán.

Polo BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Encomezo anunciando que o BNG non vai dificultar co seu sentido de voto á aprobación inicial da modificación desta ordenanza. Recoñecemos que a proliferación de pintadas e graffitis é un problema que afecta á imaxe da cidade e por tanto cómpre buscar solucións eficaces para atallalo aprendendo doutras experiencias e axustándose ao marco legal. Pero, precisamente, partindo doutras experiencias quixéramos facer algunhas consideracións, por exemplo, partindo da experiencia de Pontevedra.

En Pontevedra os servizos municipais só actúan directamente na limpeza de pintadas e graffitis no casco vello, por entender que a protección do ornato das fachadas dos edificios que dan á vía pública forma parte da protección do patrimonio e da posta en valor dese conxunto monumental. No resto da cidade os servizos municipais só actúan previa comunicación aos veciños cando se trata de pintadas inxuriosas u ofensivas para as persoas. Pero, en cambio, cando un visita Pontevedra pode comprobar que non hai un gran problema de proliferación de pintadas e non o hai porque é unha cidade con rúas cheas de comercios, cun espazo urbano de calidade, unha cidade viva, orgullosa de si mesma, na que se fai moita vida de rúa e os peóns son os protagonistas da vida cidadá e iso enlaza coa idea fundamental que queremos salientar: na inmensa maioría dos casos non son as pintadas as que provocan a degradación de barrios e rúas, é a degradación de barrios e rúas a que provoca a proliferación de pintadas. Se unha rúa está chea de baixos baleiros,

Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Comienzo anunciando que el BNG no va a dificultar con su sentido de voto la aprobación inicial de la modificación de esta ordenanza. Reconocemos que la proliferación de pintadas y grafitis es un problema que afecta a la imagen de la ciudad y por tanto hace falta buscar soluciones eficaces para atajarlo aprendiendo de otras experiencias y ajustándose al marco legal. Pero, precisamente, partiendo de otras experiencias quisiésemos hacer algunas consideraciones, por ejemplo, partiendo de la experiencia de Pontevedra.

En Pontevedra los servicios municipales solo actúan directamente en la limpieza de pintadas y grafitis en el casco viejo, por entender que la protección del ornato de las fachadas de los edificios que dan a la vía pública forma parte de la protección del patrimonio y de la puesta en valor de ese conjunto monumental. En el resto de la ciudad los servicios municipales solo actúan previa comunicación a los vecinos cuando se trata de pintadas injuriosas u ofensivas para las personas. Pero, en cambio, cuando uno visita Pontevedra puede comprobar que no hay un gran problema de proliferación de pintadas y no lo hay porque es una ciudad con calles llenas de comercios, con un espacio urbano de calidad, una ciudad viva, orgullosa de sí misma, en la que se hace mucha vida de calle y los peatones son los protagonistas de la vida ciudadana y eso enlaza con la idea fundamental que queremos destacar: en la inmensa mayoría de los casos no son las pintadas las que provocan la degradación de barrios y calles, es la degradación de barrios y

de vivendas desocupadas, de edificios ruinosos... se por esa rúa apenas transita xente, esa rúa acaba chea de pintadas.

calles la que provoca la proliferación de pintadas. Si una calle está llena de bajos vacíos, de viviendas desocupadas, de edificios ruinosos... si por esa calle apenas transita gente, esa calle acaba llena de pintadas.

E permítanme, tamén, unha segunda consideración: non negamos que haxa que actuar ante comportamentos vandálicos ou incívicos, esixindo a reparación do dano causado ou adoptando medidas sancionadoras, mais as pintadas e graffitis non deixan de ser unha canle de expresión. Algunhas pintadas convertéronse en auténticos símbolos. Bansky, un dos grandes artistas actuais, non deixa de ser un graffiteiro. Por tanto, unha das formas de loitar contra a proliferación de graffitis e o seu impacto negativo é a dignificación desa forma de expresión, canalizándoa cara ámbitos que en vez de afear fachadas ou deteriorar o mobiliario urbano contribúa á posta en valor de espazos urbanos. Para isto hai que canalizar esta forma de expresión, por exemplo, organizando festivais de arte urbana, dotando os artistas urbanos de espazos nos que poidan desenvolver a súa creatividade. Na Coruña houbo experiencias nese sentido que cómpre consolidar e ampliar. Hai experiencias moi interesantes en cidades como Barcelona ou Zaragoza e tamén hai experiencias das que aprender sen ir tan lonxe, en vilas como Carballo: Derrubando muros con pintura é unha iniciativa que converteu a Carballo nun auténtico museo ao aire libre cheo de murais de arte urbana, unha iniciativa que, ademais, procurou unha solución ao impacto visual brutal que tiña en Carballo a proliferación de medianeiras en mazás sen acabar de urbanizar herdadas dun modelo de crecemento desordenado e depredador e hai un dato revelador: en Carballo ninguén fai pintadas nos murais. Por iso, aínda que non negamos a necesidade de actuar ante a proliferación

Y permítanme, también, una segunda consideración: no negamos que haya que actuar ante comportamientos vandálicos o incívicos, exigiendo la reparación del daño causado o adoptando medidas sancionadoras, pero las pintadas y grafitis no dejan de ser un canal de expresión. Algunas pintadas se convirtieron en auténticos símbolos. Bansky, uno de los grandes artistas actuales, no deja de ser un grafitero. Por tanto, una de las formas de luchar contra la proliferación de grafitis y su impacto negativo es la dignificación de esa forma de expresión, canalizándola hacia ámbitos que en vez de afear fachadas o deteriorar el mobiliario urbano contribuya a la puesta en valor de espacios urbanos. Para esto hay que canalizar esta forma de expresión, por ejemplo, organizando festivales de arte urbana, dotando a los artistas urbanos de espacios en los que puedan desarrollar su creatividad. En A Coruña hubo experiencias en ese sentido que hace falta consolidar y ampliar. Hay experiencias muy interesantes en ciudades como Barcelona o Zaragoza y también hay experiencias de las que aprender sin ir tan lejos, en localidades como Carballo: Derribando muros con pintura es una iniciativa que convirtió a Carballo en un auténtico museo al aire libre lleno de murales de arte urbano, una iniciativa que, además, procuró una solución al impacto visual brutal que tenía en Carballo la proliferación de medianeras en manzanas sin acabar de urbanizar heredadas de un modelo de crecimiento desordenado y depredador y hay un dato revelador: en Carballo nadie hace pintadas en los murales. Por eso,

de pintadas é necesario, tamén, promover estas alternativas, e sobre todo é importante abordar o problema de fondo: a destrución do noso pequeno comercio e a degradación que sofren moitos barrios e rúas na nosa cidade.

aunque no negamos la necesidad de actuar ante la proliferación de pintadas es necesario, también, promover estas alternativas, y sobre todo es importante abordar el problema de fondo: la destrucción de nuestro pequeño comercio y la degradación que sufren muchos barrios y calles en nuestra ciudad.

E xa, por último, permítanme unha última consideración: os problemas de limpeza non se esgotan na proliferación de pintadas; é un problema de limpeza o estado de moitos contedores de cartón e de vidro, desbordados pola tardanza en baleiralos, algo que, ademais, non contribúe a que os cidadáns se mentalicen da importancia de reciclar; o mesmo cabería dicir do estado dalgún punto limpo nesta cidade; da necesidade de dispor de máis contedores de aceite doméstico e de dotar de máis recursos ás entidades que se encargan da súa reciclaxe; do estado de moitos soares en estado de abandono e que son un foco de sucidade; da existencia de vertedoiros incontrolados e das innumerábeis queixas de asociacións e veciños pola sucidade e estado de abandono de rúas e parques nesta cidade mais, en calquera caso e como dixemos ao principio, non imos dificultar co noso sentido de voto esta aprobación inicial e por iso anuncio a abstención do Grupo Municipal do BNG. Moitas grazas.

Y ya, por último, permítanme una última consideración: los problemas de limpieza no se agotan en la proliferación de pintadas; es un problema de limpieza el estado de muchos contenedores de cartón y de vidrio, desbordados por la tardanza en vaciarlos, algo que, además, no contribuye a que los ciudadanos se mentalicen de la importancia de reciclar; lo mismo cabría decir del estado de algún punto limpio en esta ciudad; de la necesidad de disponer de más contenedores de aceite doméstico y de dotar de más recursos a las entidades que se encargan de su reciclaje; del estado de muchos solares en estado de abandono y que son un foco de suciedad; de la existencia de vertederos incontrolados y de las innumerables quejas de asociaciones y vecinos por la suciedad y estado de abandono de calles y parques en esta ciudad pero, en cualquier caso y como dijimos al principio, no vamos a dificultar con nuestro sentido de voto esta aprobación inicial y por eso anuncio la abstención del Grupo Municipal del BNG. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Por la Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

Grazas.

A Marea Atlántica vaise abster na

Señora García Gómez

Gracias.

La Marea Atlántica se va a abstener en

aprobación inicial desta ordenanza por varios motivos. En primeiro lugar, as dúbidas da Intervención Xeral do Concello á hora de aplicar recursos municipais ás tarefas que deben ser xestionadas por privados, neste caso os propios infractores; por ter desistido da ordenanza que xa estaba aprobada inicialmente no pasado mandato e que, precisamente, tentaba abordar ese debate dos recursos municipais destinados a tarefas privadas¸ porque se evita o trámite de consulta pública á cidadanía aínda que se vai actuar nas súas propiedades; e porque, unha vez máis, se trae a Pleno un asunto que temos que votar todos e todas sen que medie ningún tipo de diálogo e negociación senón máis ben unha convocatoria da Comisión Informativa de Medio Ambiente, de urxencia —coma sempre— onde se presenta xa a ordenanza modificada e aprobada en Xunta de Goberno.

la aprobación inicial de esta ordenanza por varios motivos. En primer lugar, las dudas de la Intervención General del Ayuntamiento a la hora de aplicar recursos municipales a las tareas que deben ser gestionadas por privados, en este caso los propios infractores; or haber desistido de la ordenanza que ya estaba aprobada inicialmente en el pasado mandato y que, precisamente, intentaba abordar ese debate de los recursos municipales destinados a tareas privadas; porque se evita el trámite de consulta pública a la ciudadanía aunque se va a actuar en sus propiedades; porque, una vez más, se trae a Pleno un asunto que tenemos que votar todos y todas sin que medie ningún tipo de diálogo y negociación sino más bien una convocatoria de la Comisión Informativa de Medio Ambiente, de urgencia —como siempre— donde se presenta ya la ordenanza modificada y aprobada en Junta de Gobierno.

Ás once horas e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

A las once horas y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

Tamén nos parece significativo que da actual versión da ordenanza se elimina completamente todo o que ten que ver con arte urbana e con medidas, digamos, máis propositivas e creativas que sancionadoras.

También nos parece significativo que de la actual versión de la ordenanza se elimina completamente todo lo que tiene que ver con arte urbano y con medidas, digamos, más propositivas y creativas que sancionadoras.

Concordamos con que as pintadas vandálicas, efectivamente, son un problema na cidade, cómpre actuar. Non concordamos co xeito co que se está facendo que unha vez máis consiste, bueno, pois, en coller atallos que a nós nos espertan certas dúbidas.

Concordamos con que las pintadas vandálicas, efectivamente, son un problema en la ciudad, hace falta actuar. No concordamos con la forma con que se está haciendo que una vez más consiste, bueno, pues, en coger atajos que a nosotros nos despiertan ciertas dudas.

É positiva a iniciativa e non a imos bloquear pero non concordamos con este xeito de operar. Con todo, si que me gustaría facer unha reflexión máis global sobre o labor da Concellería de Medio

Es positiva la iniciativa y no la vamos a bloquear pero no concordamos con esta manera de operar. Sin embargo sí que me gustaría hacer una reflexión más global sobre la labor de la Concejalía de

Ambiente neste ano e medio de mandato: en todo este tempo -case 18 meses- a Concellería de Medio Ambiente do Partido Socialista impulsou dúas iniciativas: unha delas foi o Plan de choque de limpeza, un plan de choque con moito ruído e poucas noces e algúns traballadores axeonllados quitando o musgo do Castelo de San Antón e da zona do Parrote, que debe ser unha actividade altamente necesaria en tempos de pandemia, e a segunda iniciativa é a modificación da ordenanza que se aproba hoxe.

Medio Ambiente en este año y medio de mandato: en todo este tiempo —casi 18 meses— la Concejalía de Medio Ambiente del Partido Socialista impulsó dos iniciativas: una de ellas fue el Plan de choque de limpieza, un plan de choque con mucho ruido y pocas nueces y algunos trabajadores arrodillados quitando el musgo del Castillo de San Antón y de la zona del Parrote, que debe ser una actividad altamente necesaria en tiempos de pandemia, y la segunda iniciativa es la modificación de la ordenanza que se aprueba hoy.

Creo que con isto hai que certificar a defunción absoluta das políticas medioambientais no Concello da Coruña, aquelas que o que teñen que facer é preparar a cidade ante un cambio climático que xa está aquí, aforrar recursos, diminuír o impacto das nosas actividades no medio ambiente, protexer a biodiversidade e acadar un desenvolvemento sostible entre o medio ambiente e a economía. Cero ideas, cero propostas e nulo interese por parte do Goberno local. O único que sae adiante é colleita automática do sementado durante o mandato anterior, empezando polo novo contrato de limpeza, que entra en vigor hoxe segundo as fontes municipais. Poderíamos seguir co Plan de prevención de incendios, tamén se trouxo a Pleno por un automatismo, simplemente seguindo a inercia dos trámites anteriores. O Plan Camgal, de protección da ribeira do mar. A declaración de dous espazos protexidos, nas Illas de San Pedro e na Torre de Hércules e poderíamos seguir cun etc.

Creo que con esto hay que certificar la defunción absoluta de las políticas medioambientales en el Ayuntamiento de A Coruña, aquellas que lo que tienen que hacer es preparar la ciudad ante un cambio climático que ya está aquí, ahorrar recursos, disminuir el impacto de nuestras actividades en medio ambiente, proteger la biodiversidad y conseguir un desarrollo sostenible entre el medio ambiente y la economía. Cero ideas, cero propuestas y nulo interés por parte del Gobierno local. Lo único que sale adelante es la recogida automática de lo sembrado durante el mandato anterior, empezando por el nuevo contrato de limpieza, que entra en vigor hoy según las fuentes municipales. Podríamos seguir con el Plan de prevención de incendios, también se trajo a Pleno por un automatismo, simplemente siguiendo la inercia de los trámites anteriores. El Plan Camgal, de protección de la ribera del mar. La declaración de dos espacios protegidos, en las Islas de San Pedro y en la Torre de Hércules y podríamos seguir con un etc.

Non se compren os acordos de investidura no que ten que ver con políticas medioambientais, e podemos falar dos bosques da Coruña e o cinturón verde perimetral, podemos continuar coa Empresa Municipal de Enerxía, que ten

No se cumplen los acuerdos de investidura en lo que tiene que ver con políticas medioambientales, y podemos hablar de los bosques de A Coruña y el cinturón verde perimetral, podemos continuar con la Empresa Municipal de

que operar con enerxía 100 % renovable ou coa propia licitación da planta de Nostián. Tampouco se compren os acordos orzamentarios de 2020 en materia de medio ambiente, pero é que nin o primeiro deles: nin o mapa das enerxías renovables, nin a prospección de emprego no sector, nin a Oficina de Enerxía, nin a expansión do arborado, nin o Plan da infraestrutura verde, nin a restauración do río de Quintas, nin a ampliación das hortas na Agra do Orzán, Monte Alto e Palavea, nin as bonificacións fiscais aos compostoiros, nin a retirada de plantas invasoras, máis alá dos convenios que xa estaban postos en marcha en anos anteriores, nin a mellora da calidade das augas a través das obras do túnel de Riazor, que se deu de baixa no último modificativo. A única aportación do novo Goberno ás políticas de sustentabilidade son os proxectos de peonalización, aos que nós, efectivamente, saúdamos e celebramos, pero é que se ven eclipsados por unha volta do urbanismo máis anacrónico polo seu desmedido impacto ambiental, que é o urbanismo do pelotazo. Eu non estou dicindo isto con ánimo de confrontación, creo que se me coñecen saberán que estou falando dende un sentimento de tristura polo retroceso e de preocupación por ver que o Goberno da Coruña non asume o rol que teñen os gobernos locais e as cidades na loita contra a emerxencia climática, aínda que non son eu a que o di, estao dicindo a grito pelado a comunidade científica internacional.

Energía, que tiene que operar con energía 100 % renovable o con la propia licitación de la planta de Nostián. Tampoco se cumplen los acuerdos presupuestarios de 2020 en materia de medio ambiente, pero es que ni el primero de ellos: ni el mapa de las energías renovables, ni la prospección de empleo en el sector, ni la Oficina de Energía, ni la expansión del arbolado, ni el Plan de la infraestructura verde, ni la restauración del río de Quintas, ni la ampliación de las huertas en el Agra del Orzán, Monte Alto y Palavea, ni las bonificaciones fiscales a los composteros, ni la retirada de plantas invasoras, más allá de los convenios que ya estaban puestos en marcha en años anteriores, ni la mejora de la calidad de las aguas a través de las obras del túnel de Riazor, que se dio de baja en el último modificativo. La única aportación del nuevo Gobierno a las políticas de sostenibilidad son los proyectos de peatonalización, a los que nosotros, efectivamente, saludamos y celebramos, pero es que se ven eclipsados por una vuelta del urbanismo más anacrónico por su desmedido impacto ambiental, que es el urbanismo del pelotazo. Yo no estoy diciendo esto con ánimo de confrontación, creo que si me conocen sabrán que estoy hablando desde un sentimiento de tristeza por el retroceso y de preocupación por ver que el Gobierno de A Coruña no asume el rol que tienen los gobiernos locales y las ciudades en la lucha contra la emergencia climática, aunque no soy yo la que lo dice, lo está diciendo a grito pelado la comunidad científica internacional.

Ás once horas e doce minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

A las once horas y doce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.

Eu non quero falar dende a confrontación, si que quero poñerme á disposición do que a concelleira poida

Yo no quiero hablar desde la confrontación, sí que quiero ponerme a disposición de lo que la concejala pueda

necesitar, precisamente para darlle un xiro a isto e entender que protexer o medio ambiente vai ser protexer a calidade de vida da cidadanía e impulsar un modelo económico de futuro. Moitas grazas.

necesitar, precisamente para darle un giro a esto y entender que proteger el medio ambiente va a ser proteger la calidad de vida de la ciudadanía e impulsar un modelo económico de futuro. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Muchas gracias, señora García.

Polo Grupo Popular.

Por el Grupo Popular.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

A Coruña segue sucia. E certo, señora Rey e señora Fontán, que é moito o que lles deixaron por limpar, pero diso hai xa 16 meses e A Coruña segue sucia e abandonada.

A Coruña sigue sucia. Y cierto, señora Rey y señora Fontán, que es mucho lo que les dejaron por limpiar, pero de eso hace ya 16 meses y A Coruña sigue sucia y abandonada.

A historia recente da falta de limpeza e mantemento na nosa cidade é ben coñecida e aínda así non está de máis facer un breve repaso, porque coma en todo culebrón que se prece, é fácil perder o fío. Todo comeza no pasado mandato, cando só o Partido Popular vía o mesmo que vía toda a veciñanza: a nosa cidade estaba sucia e abandonada. Bueno, sendo xustos, tamén o vía a OCU, que nos situou entre as cidades máis sucias de todo o país, sendo ademais a que máis empeorou a súa nota neses catro anos. Por iso nós fomos os primeiros en comprometer o noso proxecto de cidade —co que gañamos as eleccións— a un plan de recuperación integral do espazo público que incluía un verdadeiro plan de choque. Ollo, non confundir co tamén chamado plan de choque que se está a levar a cabo na nosa cidade e do que logo falarei. Por certo, en campaña electoral xa todos vían a cidade sucia, bueno, sendo xustos, todos menos aquel alcalde, o señor Ferreiro. Logo das eleccións a limpeza convértese en prioridade para o

La historia reciente de la falta de limpieza y mantenimiento en nuestra ciudad es bien conocida y aun así no está de más hacer un breve repaso, porque como en todo culebrón que se precie, es fácil perder el hilo. Todo comienza en el pasado mandato, cuando solo el Partido Popular veía lo mismo que veía toda la vecindad: nuestra ciudad estaba sucia y abandonada. Bueno, siendo justos, también lo veía la OCU, que nos situó entre las ciudades más sucias de todo el país, siendo además la que más empeoró su nota en esos cuatro años. Por eso nosotros fuimos los primeros en comprometer nuestro proyecto de ciudad —con el que ganamos las elecciones— a un plan de recuperación integral del espacio público que incluía un verdadero plan de choque. Ojo, no confundir con el también llamado plan de choque que se está llevando a cabo en nuestra ciudad y del que luego hablaré. Por cierto, en campaña electoral ya todos veían la ciudad sucia, bueno, siendo justos, todos menos aquel alcalde, el señor Ferreiro.

Goberno local, mesmo puidemos ler titulares locais coma que Inés Rey prioriza o plan urxente de limpeza de cara ao turismo estival. Ollo, de novo. Aquí hai que facer outra pausa explicativa: o verán ao que se refería a nosa alcaldesa era o verán de 2019, non o verán que acaba de rematar hai uns días. Por suposto, non houbo plan, nin urxente nin de limpeza. Tal é así que nun novo fío dos acontecementos, no outono a cidade xa está sucia, mesmo para a Marea Atlántica, que vota a favor dunha moción do PP para esixir o Plan de limpeza. Coincidirán comigo en que xa tiña que estar sucia a cidade. E ao fin o pasado mes, só 458 días despois da súa toma de posesión e só con dous veráns de retraso, o Goberno municipal pon en marcha un presunto plan de limpeza, que non exento de certo sentido do humor, que é xusto recoñecer, se vén a denominar, de choque. Un plan que artellan a través dun convenio coa Deputación, que xa foi obxecto de debate neste Pleno, coa covid-19 como máis que reprobable coartada, porque a tramitación dese convenio iniciouse en outubro de 2019, sen acreditar unha maior eficiencia, un plan que ten por obxecto traballos que en condicións de normalidade son os que habería que esixirlle ás adxudicatarias dos contratos do servizo de limpeza viaria e recollida de lixo, un plan que non é máis que un parche, no que se leva gastado nun mes a metade do importe dese convenio, sen que a veciñanza sexa capaz de determinar se o plan xa pasou polo seu barrio ou non.

Después de las elecciones la limpieza se convierte en prioridad para el Gobierno local, incluso pudimos leer titulares locales como que Inés Rey prioriza el plan urgente de limpieza de cara al turismo estival. Ojo, de nuevo. Aquí hay que hacer otra pausa explicativa: el verano a lo que se refería nuestra alcaldesa era el verano de 2019, no el verano que acaba de finalizar hace unos días. Por supuesto, no hubo plan, ni urgente ni de limpieza. Tal es así que en un nuevo hilo de los acontecimientos, en otoño la ciudad ya está sucia, incluso para la Marea Atlántica, que vota a favor de una moción del PP para exigir el Plan de limpieza. Coincidirán conmigo en que ya tenía que estar sucia la ciudad. Y al fin el pasado mes, solo 458 días después de su toma de posesión y solo con dos veranos de retraso, el Gobierno municipal pone en marcha un presunto plan de limpieza, que no exento de cierto sentido del humor, que es justo reconocer, se viene a denominar, de choque. Un plan que articulan a través de un convenio con la Diputación, que ya fue objeto de debate en este Pleno, con la covid-19 como más que reprobable coartada, porque la tramitación de ese convenio se inició en octubre de 2019, sin acreditar una mayor eficiencia, un plan que tiene por objeto trabajos que en condiciones de normalidad son los que habría que exigirle a las adjudicatarias de los contratos del servicio de limpieza viaria y recogida de basura, un plan que no es más que un parche, en el que se lleva gastado en un mes la mitad del importe de ese convenio, sin que la vecindad sea capaz de determinar si el plan ya pasó por su barrio o no.

Ás once horas e quince minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

A las once horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

En resumo, con ou sen plan; basuras sen recoller, porque as avarías nos camións ás

En resumen, con o sin plan; basuras sin recoger, porque las averías en los

veces impiden que se cheguen a completar a metade das rutas; sucidade nas rúas porque as varredoras e as baldeadoras operativas tampouco chegan á metade; contedores de cartón desbordados un día si e outro tamén; esa segue a ser a nosa realidade, elixan vostedes o barrio que queiran, a percepción e as queixas son xeralizadas. E neste escenario traen hoxe a aprobación inicial unha modificación puntual da Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza a través da engádega dun artigo, o 74 bis, que habilitará o Concello para efectuar traballos de limpeza de pintadas e graffitis en elementos privados que linden co espazo público.

camiones a veces impiden que se lleguen a completar la mitad de las rutas; suciedad en las calles porque las barredoras y las baldeadoras operativas tampoco llegan a la mitad; contenedores de cartón desbordados un día sí y otro también; esa sigue siendo nuestra realidad, elijan ustedes el barrio que quieran, la percepción y las quejas son generalizadas. Y en este escenario traen hoy a aprobación inicial una modificación puntual de la Ordenanza de gestión de residuos municipales y limpieza a través de la adición de un artículo, el 74 bis, que habilitará al Ayuntamiento para efectuar trabajos de limpieza de pintadas y grafitis en elementos privados que linden con el espacio público.

Señora Fontán, vostedes queren librar a guerra contra a sucidade armados cun tirachinas. Non estamos en contra desta modificación pero si estamos insatisfeitos, A Coruña precisa de algo máis que un mal corta e pega de ordenanzas doutras cidades. A Coruña necesita ambición. Miren, vincula vostede esta modificación coa entrada en vigor do novo contrato de limpeza viaria pero, son vostedes conscientes de que este contrato, por obra e graza dos pregos redactados pola Marea, conta a tal fin cun único operario en turno de mañá en lugar dos catro operarios do contrato anterior, que xa non daban feito? Señora Rey e señora Fontán, hai exactamente dous anos que os veciños da Cidade Vella botáronse á rúa a eliminar coas súas propias mans as pintadas do seu barrio, no que o Concello xa podía -por certo- actuar. Isto non pode volver a ocorrer, pero se a veciñanza foi quen de facer isto sen apoio municipal, imaxinen se o Concello dá exemplo e incentiva este desexo da veciñanza de ver a cidade limpa, por exemplo, a través dunha liña de subvencións en convocatoria aberta todo o ano para poder apoiar esa

Señora Fontán, ustedes quieren librar la guerra contra la suciedad armados con un tirachinas. No estamos en contra de esta modificación pero sí estamos insatisfechos, A Coruña precisa de algo más que un mal corta y pega de ordenanzas de otras ciudades. A Coruña necesita ambición. Miren, vincula usted esta modificación con la entrada en vigor del nuevo contrato de limpieza viaria pero, ¿son ustedes conscientes de que este contrato, por obra y gracia de los pliegos redactados por la Marea, cuenta a tal fin con un único operario en turno de mañana en lugar de los cuatro operarios del contrato anterior, que ya no daban hecho? Señora Rey y señora Fontán, hace exactamente dos años que los vecinos de la Ciudad Vieja se echaron a la calle a eliminar con sus propias manos las pintadas de su barrio, en el que el Ayuntamiento ya podía —por cierto— actuar. Esto no puede volver a ocurrir, pero si la vecindad fue capaz de hacer esto sin apoyo municipal, ¡imaginen si el Ayuntamiento da ejemplo e incentiva este deseo de la vecindad de ver la ciudad limpia, por ejemplo, a través de una línea de subvenciones en

iniciativa privada na eliminación das pintadas! Non se conformen cun único artigo nunha ordenanza, acudan unha vez máis ao noso proxecto de cidade; copien, como tantas outras veces, as nosas propostas; aborden un verdadeiro plan de recuperación do espazo público, ese que xa se acordou neste Pleno en outubro do ano pasado, ese que mesmo apoiou a Marea: que inclúa a todos os barrios da cidade, que actúe sobre todos os elementos e servizos que conforman o espazo público, que dispoña dunha brigada de mantemento integral que actúe de xeito conxunto, de xeito intenso e coordinadamente nunha mesma zona, unha brigada dispoñible 24 horas ao día, 365 días ao ano, unha brigada que opere en todos os barrios e en todos os elementos e servizos do espazo público, un mangueirazo, aínda que sexa a presión, non é suficiente na actual situación. Acorden coas distintas concesionarias o reforzo dos traballos ordinarios, de forma intensiva, de forma urxente e no tocante ao tema que hoxe debatemos; elaboren unha estratexia para previr, evitar e eliminar as pintadas; inclúan campañas de sensibilización en centros educativos, formación en arte urbana, selección de espazos para graffiteiros e contratos para a realización de murais. Iso é combater as pintadas e ter ambición de cidade.

convocatoria abierta todo el año para poder apoyar esa iniciativa privada en la eliminación de las pintadas! No se conformen con un único artículo en una ordenanza, acudan una vez más a nuestro proyecto de ciudad; copien, como tantas otras veces, nuestras propuestas; aborden un verdadero plan de recuperación del espacio público, ese que ya se acordó en este Pleno en octubre del año pasado, ese que incluso apoyó la Marea: que incluya a todos los barrios de la ciudad, que actúe sobre todos los elementos y servicios que conforman el espacio público, que disponga de una brigada de mantenimiento integral que actúe de manera conjunta, de manera intensa y coordinadamente en una misma zona, una brigada disponible 24 horas al día, 365 días al año, una brigada que opere en todos los barrios y en todos los elementos y servicios del espacio público, un manguerazo, aunque sea la presión, no es suficiente en la actual situación. Acuerden con las distintas concesionarias el refuerzo de los trabajos comunes, de forma intensiva, de forma urgente y en lo tocante al tema que hoy debatimos; elaboren una estrategia para prevenir, evitar y eliminar las pintadas; incluyan campañas de sensibilización en centros educativos, formación en arte urbana, selección de espacios para grafiteros y contratos para la realización de murales. Eso es combatir las pintadas y tener ambición de ciudad.

Remato, insisto **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** iso si sería combater esta problemática, que é grave pero que non soluciona por si mesma o problema que temos coa falta de mantemento e de limpeza na Coruña. Pese a todo isto, nós estamos dispostos a darlle o noso apoio, a confiar en que isto sexa o principio dun camiño longo que hai que percorrer, pero tamén lles pedimos que non se queden

*Finalizo, insisto **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** eso sí sería combatir esta problemática, que es grave pero que no soluciona por sí misma el problema que tenemos con la falta de mantenimiento y de limpieza en A Coruña. Pese a todo esto, nosotros estamos dispuestos a darle nuestro apoyo, a confiar en que esto sea el principio de un camino largo que hay que*

aquí, que sexan ambiciosos, a cidade o merece e aí contarán sempre co noso apoio. Máis nada, moitas grazas.

recorrer, pero también les pedimos que no se queden aquí, que sean ambiciosos, la ciudad lo merece y ahí contarán siempre con nuestro apoyo. Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Pecha a quenda a señora Fontán.

Cierra el turno a señora Fontán.

Señora Fontán Prado

Señora Fontán Prado

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señor Jorquera, efectivamente o plan de Pontevedra fai fincapé no casco vello e é un bo exemplo dun plan de limpeza. Eu estou moi de acordo no contido de todo o que vostede propón, tan de acordo que nós temos, dende fai tempo, estamos reforzando e reeditando un plan de educación ambiental para os institutos, para os rapaces. Estamos buscando espazos dentro da cidade para darlle saída a eses canles de expresión aos que vostede facía alusión e dende logo estamos totalmente de acordo en que temos un problema que vai máis alá duns graffitis. Efectivamente, estamos neste intre reforzando os servizos, tanto de recollida, por exemplo, de cartón ou de recollida de enseres, pero aínda así -e concordo, tamén, con vostede- estamos a traballar neste intre nun plan integral de campaña e sensibilización con ocasión da posta en marcha de todos os contratos, nós si agora, neste intre, todos os contratos: recollida, contenerización e limpeza e esperamos que dentro de pouco tempo tamén o de tratamento de residuos e contribuirán de xeito claro e específico, a que esa sensación de abandono e sucidade, polo menos polo que atinxe á parte de medio ambiente, vaise solucionar nunha parte importante.

Señor Jorquera, efectivamente el plan de Pontevedra hace hincapié en el casco viejo y es un buen ejemplo de un plan de limpieza. Yo estoy muy de acuerdo en el contenido de todo lo que usted propone, tan de acuerdo que nosotros tenemos, desde hace tiempo, estamos reforzando y reeditando un plan de educación ambiental para los institutos, para los chicos. Estamos buscando espacios dentro de la ciudad para darle salida a esos canales de expresión a los que usted hacía alusión y desde luego estamos totalmente de acuerdo en que tenemos un problema que va más allá de unos grafitis. Efectivamente, estamos en este instante reforzando los servicios, tanto de recogida, por ejemplo, de cartón o de recogida de enseres, pero aun así —y concuerdo, también, con usted— estamos trabajando en este momento en un plan integral de campaña y sensibilización con ocasión de la puesta en marcha de todos los contratos, nosotros sí ahora, en este momento, todos los contratos: recogida, contenerización y limpieza y esperamos que dentro de poco tiempo también el de tratamiento de residuos y contribuirán de forma clara y específica, a que esa sensación de abandono y suciedad, por lo menos por lo que atañe a la parte de medio ambiente, se va a solucionar en una parte importante.

Evidentemente hai un abandono, que vén de moitos anos nesta cidade e na que este Goberno está traballando: os plans que está desenvolvendo o compañeiro, en concreto, de Urbanismo e Infraestruturas, van nese senso. Xuntos, este Goberno en todas as áreas, levaremos a cabo esa reforma, ese adecentamento, para que a nosa cidade brille como sempre brillou, fai uns cantos anos e que nós pensamos que é quen de recuperar. Agradézolle, en todo caso, a súa exposición construtiva, coma sempre, recollo todas as suxestións que me acaba de facer e seguiremos falando de mellorar esta situación.

6. Trasladar á Comisión Municipal de Memoria Democrática que inclúa dentro do grupo de traballo para a eliminación da simboloxía franquista o estudo da retirada de rúas, retratos, placas, monólitos e todo tipo de distincións ás persoas que impulsaron, organizaron ou participaron no espolio do Pazo de Meirás e da Casa Cornide para beneficio da familia do ditador Franco e que o Consello Municipal da Memoria Democrática tome a decisión que corresponda.

6. Trasladar a la Comisión Municipal de Memoria Democrática que incluya dentro del grupo de trabajo para la eliminación de la simbología franquista el estudio de la retirada de calles, retratos, placas, monolitos y todo tipo de distinciones a las personas que impulsaron, organizaron o participaron en el expolio del Pazo de Meirás y de la Casa Cornide para beneficio de la familia del dictador Franco y que el Consello Municipal da Memoria Democrática tome la decisión que corresponda.

7. Expresar a solidariedade coas persoas que serán xulgadas o vindeiro 14 de outubro, demandadas pola familia Franco, por participar nun acto simbólico e pacífico de denuncia do espolio da Casa Cornide.

7. Expresar la solidaridad con las personas que serán juzgadas el próximo 14 de octubre, demandadas por la familia Franco, por participar en un acto simbólico y pacífico de denuncia del expolio de la Casa Cornide.

8. Apoiar a II Marcha Cívica, convocada polas entidades sinaladas, para o sábado, 31 de outubro, coa seguinte mensaxe: "Devolución da Casa Cornide ao patrimonio da Coruña. Franquismo nunca máis".

8. Apoyar la II Marcha Cívica, convocada por las entidades señaladas, para el sábado, 31 de octubre, con el siguiente mensaje: "Devolución de la Casa Cornide al patrimonio de A Coruña. Franquismo nunca más".

Ás doce horas e catro minutos a Presidencia resolve facer un receso.

A las doce horas y cuatro minutos la Presidencia resuelve hacer un receso.

Ás doce horas e vinte e dous minutos retómase a sesión cos mesmos asistentes relacionados ao comezo desta acta.

A las doce horas y veintidós minutos se reanuda la sesión con los mismos asistentes relacionados al comienzo de esta acta.

Segunda. Moción sobre a problemática da hostalaría ante as restricións impostas por mor da covid-19.

Segunda. Moción sobre la problemática de la hostelería ante las restricciones impuestas a causa de la covid-19.

Sobre esta moción o Grupo Municipal Popular presenta unha emenda de substitución, que é aceptada polo Bloque Nacionalista Galego.

Sobre esta moción el Grupo Municipal Popular presenta una enmienda de sustitución, que es aceptada por el Bloque Nacionalista Galego.

Presidencia

Retomamos o debate coa seguinte moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a problemática da hostalaría, á que consta unha emenda de substitución do Partido Popular. Polo BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Eu pido desculpas o Grupo Popular por traer iniciativas total e absolutamente improcedentes, coa que está caendo, en cambio, coa que está caendo, que o Concello de Madrid retire as rúas Indalecio Prieto e Largo Caballero é o máis urxente.

Ben, como nós somos moi sensibles ao que está caendo, propoñemos nesta moción distintas medidas para facer fronte á difícil situación que está vivindo a hostalaría, un dos sectores que está sufrindo con maior intensidade o impacto da covid-19, até o punto de que os titulares de moitos establecementos están nunha situación desesperada, que os pode abocar ao cesamento definitivo da actividade, coa conseguinte ruína de moitas autónomas e unha importante destrución de emprego. E, nese sentido, quero aproveitar para expresar a nosa solidariedade con Lolo Villaverde, propietario do pub Área Crítica, que se declarou en folga de fame para reivindicar o dereito ao traballo. Ante esta situación, a hostalería reclama, entre outras medidas, axilizar os trámites de concesión de licenzas administrativas, un plan específico de desescalada para os establecementos do ocio nocturno e que se analicen posíbeis vías de apoio para a súa subsistencia co obxecto de garantir o mantemento do emprego. E reclama, tamén, a transparencia e a axilidade na concesión das axudas contempladas no

Presidencia

Reanudamos el debate con la siguiente moción del Bloque Nacionalista Galego sobre la problemática de la hostelería, a la que consta una enmienda de sustitución del Partido Popular. Por el BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Yo pido disculpas al Grupo Popular por traer iniciativas total y absolutamente improcedentes, con la que está cayendo, en cambio, con la que está cayendo, que el Ayuntamiento de Madrid retire las calles Indalecio Prieto y Largo Caballero es lo más urgente.

Bien, como nosotros somos muy sensibles a lo que está cayendo, proponemos en esta moción distintas medidas para hacer frente a la difícil situación que está viviendo la hostelería, uno de los sectores que está sufriendo con mayor intensidad el impacto de la covid-19, hasta el punto de que los titulares de muchos establecimientos están en una situación desesperada, que los puede abocar al cese definitivo de la actividad, con la consiguiente ruina de muchas autónomas y una importante destrucción de empleo. Y, en ese sentido, quiero aprovechar para expresar nuestra solidaridad con Lolo Villaverde, propietario del pub Área Crítica, que se declaró en huelga de hambre para reivindicar el derecho al trabajo. Ante esta situación, la hostelería reclama, entre otras medidas, agilizar los trámites de concesión de licencias administrativas, un plan específico de desescalada para los establecimientos del ocio nocturno y que se analicen posibles vías de apoyo para su subsistencia con el objeto de garantizar el mantenimiento del empleo. Y reclama, también, la transparencia y la agilidad

PRESCO, ademais de flexibilizar algunhas condicións á hora de xustificar os requisitos esixidos. Pero, se a situación do conxunto da hostalería é crítica, é particularmente grave, por mor das restricións establecidas, o caso dos cafés bares especiais e as salas de concertos. A actividade dos cafés bares especiais -os coñecidos popularmente como pubs- neste caso a actividade está suspendida dende o un de xuño, excepción feita das terrazas, por teren a consideración de establecementos de ocio nocturno. Dáse, porén, o paradoxo de que en condicións normais a licenza destes establecementos os habilita para estar abertos a partires das dez da mañá. A seguridade sanitaria e a loita contra o virus é a máxima prioridade, mais o sentido común parece ditar que non ten lóxica impedir a apertura destes locais entre as dez da mañá e a hora límite do peche de todos os establecementos. Na actualidade, por mor das restricións, á unha da madrugada, loxicamente, sempre que se cumpran estritamente as limitacións de capacidade e as medidas sanitarias e de seguranza establecidas para o conxunto dos locais. Estas consideracións son de aplicación para o conxunto dos locais de ocio nocturno, por exemplo, cumprindo estas condicións, unha sala de concertos debería poder programar actuacións. As salas de concertos son espazos de cultura e de socialización que xogan un papel fundamental na dinamización do sector cultural galego. Prohibindo a súa apertura non só poñemos en risco a supervivencia das salas, senón que nuns momentos de grande dificultade para a nosa cultura, privamos o circuíto cultural galego dunha das principais canles de difusión da nosa creación musical. Nese sentido, quero dicir que celebramos que o Goberno municipal se comprometese ante o sector hostaleiro a poñer en práctica algunha das medidas que se propoñen nesta moción, ao tempo que anticipo que imos aceptar a emenda presentada polo Grupo Popular,

en la concesión de las ayudas contempladas en el PRESCO, además de flexibilizar algunas condiciones a la hora de justificar los requisitos exigidos. Pero, si la situación del conjunto de la hostelería es crítica, es particularmente grave, a causa de las restricciones establecidas, el caso de los cafés bares especiales y las salas de conciertos. La actividad de los cafés bares especiales —los conocidos popularmente como pubs— en este caso la actividad está suspendida desde el uno de junio, excepción hecha de las terrazas, por tener la consideración de establecimientos de ocio nocturno. Se da, sin embargo, la paradoja de que en condiciones normales la licencia de estos establecimientos los habilita para estar abiertos a partir de las diez de la mañana. La seguridad sanitaria y la lucha contra el virus es la máxima prioridad, pero el sentido común parece dictar que no tiene lógica impedir la apertura de estos locales entre las diez de la mañana y la hora límite del cierre de todos los establecimientos. En la actualidad, a causa de las restricciones, a la una de la madrugada, lógicamente, siempre que se cumplan estrictamente las limitaciones de capacidad y las medidas sanitarias y de seguridad establecidas para el conjunto de los locales. Estas consideraciones son de aplicación para el conjunto de los locales de ocio nocturno, por ejemplo, cumpliendo estas condiciones, una sala de conciertos debería poder programar actuaciones. Las salas de conciertos son espacios de cultura y de socialización que juegan un papel fundamental en la dinamización del sector cultural gallego. Prohibiendo su apertura no solo ponemos en riesgo la supervivencia de las salas, sino que en unos momentos de gran dificultad para nuestra cultura, privamos al circuito cultural gallego de uno de los principales canales de difusión de nuestra creación musical. En ese sentido, quiero decir que celebramos que el Gobierno municipal se

porque aínda que introduce pequenos matices, non altera no substancial a parte resolutiva da nosa moción. Por todas estas razóns solicito o voto favorábel á moción presentada polo BNG coa incorporación da emenda do Grupo Popular. Grazas.

comprometiese ante el sector hostelero a poner en práctica alguna de las medidas que se proponen en esta moción, al tiempo que anticipo que vamos a aceptar la enmienda presentada por el Grupo Popular, porque aunque introduce pequeños matices, no altera en lo sustancial la parte resolutiva de nuestra moción. Por todas estas razones solicito el voto favorable a la moción presentada por el BNG con la incorporación de la enmienda del Grupo Popular. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

Por la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

Moitas grazas, alcaldesa.

Muchas gracias, alcaldesa.

Bo día a todas e a todos os compañeiros de Corporación, persoal municipal, traballadores dos medios de comunicación e a todas as persoas que estades aquí seguindo o Pleno e tamén ás que nos seguides a través do streaming.

Buenos días a todas y a todos los compañeros de Corporación, personal municipal, trabajadores de los medios de comunicación y a todas las personas que estáis aquí siguiendo el Pleno y también a las que nos seguís en directo.

Gustaríame, tamén, antes de comezar a defensa da moción, ter unhas palabras para Xiao Varela, darlle as grazas polo seu traballo incansable por esta cidade. Creo que, como xa se dixo, o Concello da Coruña perde un defensor do ben común: a rexeneración urbana foi durante os catro anos de mandato da Marea Atlántica -e de Xulio Ferreiro como alcalde- un eixo fundamental da acción do goberno, un urbanismo participado e con xustiza social que o tempo colocará no lugar que merece. Deséxote o mellor para esta etapa que comezas e sabes que te botaremos moito en falta.

Me gustaría, también, antes de comenzar la defensa de la moción, tener unas palabras para Xiao Varela, darle las gracias por su trabajo incansable por esta ciudad. Creo que, como ya se dijo, el Ayuntamiento de A Coruña pierde un defensor del bien común: la regeneración urbana fue durante los cuatro años de mandato de la Marea Atlántica —y de Xulio Ferreiro como alcalde— un eje fundamental de la acción del gobierno, un urbanismo participado y con justicia social que el tiempo colocará en el lugar que merece. Te deseo lo mejor para esta etapa que comienzas y sabes que te echaremos mucho en falta.

Respecto a esta moción sobre a problemática da hostalería, ante as

Respecto a esta moción sobre la problemática de la hostelería, ante las

restricións impostas por mor da covid, avanzo o voto favorable da Marea Atlántica, como non podía ser doutra maneira. Estamos falando de locais de hostalería, sobre todo aquela vencellada ao ocio nocturno, pubs, pero tamén -e tamén o di a exposición de motivos da moción- de salas de concertos ao vivo, coa importancia que estes teñen como espazos dinamizadores do sector cultural, outro sector que, coa que está caendo, está agonizando e sen axudas públicas ás que agarrarse.

restricciones impuestas a causa de la covid, avanzo el voto favorable de la Marea Atlántica, como no podía ser de otra manera. Estamos hablando de locales de hostelería, sobre todo aquella vinculada al ocio nocturno, pubs, pero también —y también lo dice la exposición de motivos de la moción— de salas de conciertos en vivo, con la importancia que estos tienen como espacios dinamizadores del sector cultural, otro sector que, con la que está cayendo, está agonizando y sin ayudas públicas a las que agarrarse.

Respecto á hostalería, falamos de centos de traballadores e traballadoras na nosa cidade que levan meses sen poder abrir, meses sen ingresar pero as facturas seguen chegando, mesmo as da SGAE. Mentres, a Xunta de Galicia alenta un peche sen alternativas que deixa a miles de familias no máis absoluto desamparo, o mesmo que fixo, por certo, co peche dos centros de día. Onde está a Xunta de Galicia? Completamente ausente. Os hostaleiros piden non ser estigmatizados, senón ser tratados en igualdade de condicións que o resto de locais. Cómpre lembrar que a maioría das licenzas asociadas ao ocio nocturno inclúen a posibilidade de apertura no horario de día, pero nestes momentos a Xunta non lles permite ter actividade nin sequera nas horas permitidas a outros sectores, nin aplicando todas as cautelas e medidas preventivas, un agravio comparativo que afecta a unha actividade económica que non merece ser estigmatizada, pois xera milleiros de postos de traballo na Coruña e no conxunto de Galicia e está a recibir con moita dureza o impacto desta crise económica e sanitaria. Unha vez máis, Feijóo aplica medidas e decretos sen ter en conta as consecuencias e sen ofrecerlle ningún tipo de saída, compensación ou alternativa ás persoas afectadas, igual está acontecendo no ensino, nos servizos sociais...xerando preocupantes situacións

Respecto a la hostelería, hablamos de cientos de trabajadores y trabajadoras en nuestra ciudad que llevan meses sin poder abrir, meses sin ingresar pero las facturas siguen llegando, incluso las de la SGAE. Mientras, la Xunta de Galicia alienta un cierre sin alternativas que deja a miles de familias en el más absoluto desamparo, lo mismo que hizo, por cierto, con el cierre de los centros de día. ¿Dónde está la Xunta de Galicia? Completamente ausente. Los hosteleros piden no ser estigmatizados, sino ser tratados en igualdad de condiciones que el resto de locales. Hace falta recordar que la mayoría de las licencias asociadas al ocio nocturno incluyen la posibilidad de apertura en horario de día, pero en estos momentos la Xunta no les permite tener actividad ni siquiera en las horas permitidas la otros sectores, ni aplicando todas las cautelas y medidas preventivas, un agravio comparativo que afecta a una actividad económica que no merece ser estigmatizada, pues genera millares de puestos de trabajo en A Coruña y en el conjunto de Galicia y está recibiendo con mucha dureza el impacto de esta crisis económica y sanitaria. Una vez más, Feijóo aplica medidas y decretos sin tener en cuenta las consecuencias y sin ofrecerle ningún tipo de salida, compensación o alternativa a las personas afectadas, igual está

de desamparo. E á acción da Xunta de Galicia uniuse a inacción do Goberno local ata onte. Despois dun mes de concentracións en María Pita e mesmo da folga de fame de Lolo Villaverde, o Goberno local por fin reaccionou e celebrámolo, por suposto, e agardemos que non sexa demasiado tarde. A demanda das licenzas era unha das demandas que estaban enriba da mesa pero non a única. É necesario, tamén, que o Goberno municipal reaccione axilizando as concesións das axudas contempladas no plan de choque e flexibilizando algunhas condicións á hora de xustificar os requisitos esixidos, tal e como vén reclamando a Marea Atlántica e os representantes da hostalería dende fai semanas. Máis nada, moitas grazas.

sucediendo en la enseñanza, en los servicios sociales...generando preocupantes situaciones de desamparo. Y a la acción de la Xunta de Galicia se unió la inacción del Gobierno local hasta ayer. Después de un mes de concentraciones en María Pita e incluso de la huelga de hambre de Lolo Villaverde, el Gobierno local por fin reaccionó y lo celebramos, por supuesto, y esperemos que no sea demasiado tarde. La demanda de las licencias era una de las demandas que estaban encima de la mesa pero no la única. Es necesario, también, que el Gobierno municipal reaccione agilizando las concesiones de las ayudas contempladas en el plan de choque y flexibilizando algunas condiciones a la hora de justificar los requisitos exigidos, tal y como viene reclamando la Marea Atlántica y los representantes de la hostelería desde hace semanas. Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Polo Grupo Popular, señora Cendán.

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

Por el Grupo Popular, señora Cendán.

Señora Cendán Gayoso

Grazas, señora alcaldesa.

En xuño deste ano aprobabamos unha moción a favor da defensa da nosa hostalería e incluído o ocio nocturno, un dos sectores máis castigados polas medidas que teñen como sentido frear a covid-19, un sector que está sufrindo os peores impactos económicos, con fortes caídas de facturación e un contexto de incerteza maior que outros e un sector que, por desgraza en moitos casos, unha vez baixado un enreixado non volverá a levantalo. Solicitabamos a creación dunha mesa de hostalería entendida como un punto de encontro de intercambio de

Señora Cendán Gayoso

Gracias, señora alcaldesa.

En junio de este año aprobábamos una moción a favor de la defensa de nuestra hostelería e incluido el ocio nocturno, uno de los sectores más castigados por las medidas que tienen como sentido frenar la covid-19, un sector que está sufriendo los peores impactos económicos, con fuertes caídas de facturación y un contexto de incertidumbre mayor que otros y un sector que, por desgracia en muchos casos, una vez bajada una verja no volverá a levantarse. Solicitábamos la creación de una mesa de hostelería

ideas coa administración a fin de promover a resolución de non escasas problemáticas deste sector. Catro meses despois, aquela moción segue sen ser cumprida. Aquí o deixo para a reflexión. Si foi cumprida a moción que propuxemos para incrementar o espazo das terrazas, para eximir do pago das súas taxas, así como para instalalas en prazas de aparcamento onde houbese falta de espazo. E foi tamén atendida a petición da ampliación do seu prazo. Do bo parecer do Concello decatabámonos sempre o día antes pola prensa e, como efecto sorpresa, nesta ocasión tampouco fallaron. Xa empeza a ser por todos coñecido o moito que lle gusta a este executivo gobernar tendo como base as mocións da oposición. Aínda menos mal que temos a sorte de que a oposición é o dilixente que non é o Goberno e aínda menos mal que temos a sorte de que a oposición escoita as demandas do sector ás que o Concello presta oídos xordos. Aínda menos mal.

entendida como un punto de encuentro de intercambio de ideas con la administración a fin de promover la resolución de no escasas problemáticas de este sector. Cuatro meses después, aquella moción sigue sin ser cumplida. Aquí lo dejo para la reflexión. Sí fue cumplida la moción que propusimos para incrementar el espacio de las terrazas, para eximir del pago de sus tasas, así como para instalarlas en plazas de aparcamiento donde hubiera falta de espacio. Y fue también atendida la petición de la ampliación de su plazo. Del buen parecer del Ayuntamiento nos enterábamos siempre el día antes por la prensa y, como efecto sorpresa, en esta ocasión tampoco fallaron. Ya empieza a ser por todos conocido lo mucho que le gusta a este ejecutivo gobernar teniendo como base las mociones de la oposición. Aún menos mal que tenemos la suerte de que la oposición es lo diligente que no es el Gobierno y aún menos mal que tenemos la suerte de que la oposición escucha las demandas del sector a las que el Ayuntamiento presta oídos sordos. Aún menos mal.

A situación deste sector é moi crúa e o noso obxectivo -non o olviden, non o perdan de vista- é facilitarlle a súa recuperación económica e que poidan traballar o máximo de tempo posible dentro das limitacións que nos marca o Goberno de España. Recórdolles que ese marco no que nos movemos é unha orde do ministro de Sanidade do 14 de agosto, que di, e abro comiñas: *os locais de lecer nocturno con horario maioritariamente nocturno constitúen actualmente a orixe dos brotes epidémicos con maior número de casos asociados.* E continúa: *a propia natureza da actividade que se desenvolve no interior destes locais dificulta enormemente a implementación práctica doutras medidas, como o distanciamento interpersoal*. En cumprimento desta orde, certo é que a Xunta ditou a que lle

La situación de este sector es muy cruda y nuestro objetivo —no lo olviden, no lo pierdan de vista— es facilitarle su recuperación económica y que puedan trabajar el máximo tiempo posible dentro de las limitaciones que nos marca el Gobierno de España. Les recuerdo que ese marco en el que nos movemos es una orden del ministro de Sanidad de 14 de agosto, que dice, y abro comillas: los locales de ocio nocturno con horario mayoritariamente nocturno constituyen actualmente el origen de los brotes epidémicos con mayor número de casos asociados. *Y continúa:* la propia naturaleza de la actividad que se desarrolla en el interior de estos locales dificulta enormemente la implementación práctica de otras medidas, como el distanciamiento interpersonal. *En*

corresponde co fin de cumprir co ditado por Madrid. Sei que, pese a cor política, Madrid queda lonxe para o PSOE, pero pídolles que sexamos responsables e non intentemos facer demagoxia barata, nin coa saúde, nin co emprego. Todos debemos remar na mesma dirección e non tirar balóns fóra ou colocarnos pins. Non toca, aínda que á algunhas lles guste.

cumplimiento de esta orden, cierto es que la Xunta dictó la que le corresponde con el fin de cumplir con lo dictado por Madrid. Sé que, pese al color político, Madrid queda lejos para el PSOE, pero les pido que seamos responsables y no intentemos hacer demagogia barata, ni con la salud, ni con el empleo. Todos debemos remar en la misma dirección y no tirar balones fuera o colocarnos pins. No toca, aunque a algunas les guste.

Pídolles que a axilidade que teñen para publicar notas de prensa e adiantarse aos acordos que toda a Corporación adopta nos Plenos, repito, toda a Corporación, a teñan para a tramitación da concesión de licenzas administrativas. Pídolles, tamén, que con esa mesma xenialidade xestionen o pago das axudas do PRESCO concedidas. Aí fóra vai moito frío. E pídolles que sexan flexibles e se adapten ás necesidades dos distintos grupos laborais que compoñen este sector tan amplo, no tocante aos horarios, as condicións de apertura e peche...nun exercicio de equiparación sempre e como é lóxico, baixo estrito cumprimento das limitacións do aforo, medidas sanitarias e de seguridade. Peticións todas elas incluídas nesta moción de forma detallada, á que, por suposto, imos votar a favor. Moitas grazas.

Les pido que la agilidad que tienen para publicar notas de prensa y adelantarse a los acuerdos que toda la Corporación adopta en los Plenos, repito, toda la Corporación, la tengan para la tramitación de la concesión de licencias administrativas. Les pido, también, que con esa misma genialidad gestionen el pago de las ayudas del PRESCO concedidas. Ahí fuera hace mucho frío. Y les pido que sean flexibles y se adapten a las necesidades de los distintos grupos laborales que componen este sector tan amplio, en lo tocante a los horarios, las condiciones de apertura y cierre...en un ejercicio de equiparación siempre y como es lógico, bajo estricto cumplimiento de las limitaciones de aforo, medidas sanitarias y de seguridad. Peticiones todas ellas incluidas en esta moción de forma detallada, a la que, por supuesto, vamos a votar a favor. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cendán.

Muchas gracias, señora Cendán.

Polo Goberno, señor Lage.

Por el Gobierno, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Bo día, señora alcaldesa, membros da Corporación e todas as persoas que están seguindo este Pleno.

Buenos días, señora alcaldesa, miembros de la Corporación y todas las personas que están siguiendo este Pleno.

Xa é difícil que nunha moción destas características se poida chegar a traer a

Ya es difícil que en una moción de estas características se pueda llegar a traer a

colación á señora Ayuso, señora Cendán, a verdade é que tampouco, en fin, creo que ten moito a quen emular, incluso a quen imitar para ben, sen ter que chegar ao extremo de querer preitear co ministro de Sanidade que, aproveitando que saca vostede a colación este tema, creo, en fin, que está dando unha mostra de profesionalidade, de seriedade, de rigor á hora de xestionar unha situación que non lle desexaríamos a ninguén que tivera que xestionar. Creo que hai que ser un pouquiño ponderados.

colación a la señora Ayuso, señora Cendán, la verdad es que tampoco, en fin, creo que tiene mucho a quién emular, incluso a quién imitar para bien, sin tener que llegar al extremo de querer pleitear con el ministro de Sanidad que, aprovechando que saca usted a colación este tema, creo, en fin, que está dando una muestra de profesionalidad, de seriedad, de rigor a la hora de gestionar una situación que no le desearíamos a nadie que tuviese que gestionar. Creo que hay que ser un poquito ponderados.

A verdade é que, unha vez máis, o Partido Popular é incapaz de situar o debate onde está e intenta buscar noutro ámbito as responsabilidades. Cando un grupo político como o Bloque Nacionalista Galego lexitimamente plantea instar á Xunta de Galicia unha serie de cuestións, o único que está facendo é falar do marco competencial e non pasa absolutamente nada. Creo que así é un pouco difícil ter debates minimamente rigorosos.

La verdad es que, una vez más, el Partido Popular es incapaz de situar el debate donde está e intenta buscar en otro ámbito las responsabilidades. Cuando un grupo político como el Bloque Nacionalista Galego legítimamente plantea instar a la Xunta de Galicia una serie de cuestiones, lo único que está haciendo es hablar del marco competencial y no pasa absolutamente nada. Creo que así es un poco difícil tener debates mínimamente rigurosos.

Señor Jorquera, para nós a hostalería, como vostede ben apuntou, é un sector estratéxico dentro da cidade, forma parte do paquete do sector servizos e tamén do ámbito do turismo. Sabe que o número de establecementos, preto dos 2.000, ten unha incidencia notable e sabemos que contribúen a que A Coruña sexa unha referencia de calidade no turismo tanto interno como externo.

Señor Jorquera, para nosotros la hostelería, como usted bien apuntó, es un sector estratégico dentro de la ciudad, forma parte del paquete del sector servicios y también del ámbito del turismo. Sabe que el número de establecimientos, cerca de los 2.000, tiene una incidencia notable y sabemos que contribuyen a que A Coruña sea una referencia de calidad en el turismo tanto interno como externo.

Teño que dicirlles que o Goberno que dirixe Inés Rey non só é consciente do impacto que a crise do coronavirus está a ter no sector, senón que xa no seu momento a nosa alcaldesa decidiu actuar con contundencia dende o primeiro momento para ver de minimizar no posible o dano que están a sufrir neste sector hostaleiros e o conxunto das familias que dependen deste sector.

Tengo que decirles que el Gobierno que dirige Inés Rey no solo es consciente del impacto que la crisis del coronavirus está teniendo en el sector, sino que ya en su momento nuestra alcaldesa decidió actuar con contundencia desde el primer momento para tratar de minimizar dentro de lo posible el daño que están sufriendo en este sector hosteleros y el conjunto de las familias que dependen de este sector.

Dentro da nosa capacidade normativa, este Goberno adoptou unha serie de medidas específicas e xerais que calquera pode comprobar dándose unha volta por calquera das nosas rúas. Creo que fomos moito máis alá das nosas competencias e asumimos políticas de dinamización económica que lle corresponderían a outras administracións e polas que aínda estamos a agardar.; locais afectados polos peches de coronavirus puideron neste Concello adiar o pago de taxas e mesmo de recibos de subministracións; puideron, tamén, estender as súas terrazas polas beirarrúas para permitirlles seguir a traballar; puideron, finalmente, ocupar, tamén, prazas de aparcamento onde non había espazo para que a afección sobre a súa actividade fose menor. Onte mesmo, si, señora Cendán, este Goberno anunciaba como medida excepcional e previa solicitude, que os denominados café bares especiais, os pubs e o ocio nocturno puideran funcionar como cafeterías ata o vindeiro 31 de xaneiro. Queremos, así, ser parte da solución, non do problema que está a vivir o sector e esperamos que o suavizamento das restricións establecidas pola Xunta de Galicia camiñe tamén na mesma dirección. Nós non paramos só no plano normativo. Os hostaleiros, cos que nos temos reunido en moitas ocasións, saben da implicación da nosa alcaldesa e do Goberno na súa totalidade, para atopar solucións e, por certo, deses encontros e da vontade maioritaria, unánime do Pleno, saíu un plan único, o PRESCO, que, por certo, poderían **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e remato, señora alcaldesa, contarllo, señora Cendán, alí onde gobernan os seus compañeiros, porque vostedes tamén forman parte deste acordo, deste gran acordo. Só para que se quede cun dato: hoxe mesmo fixemos novamente pagos con respecto ao PRESCO, pero, dito iso, unha liña

Dentro de nuestra capacidad normativa, este Gobierno adoptó una serie de medidas específicas y generales que cualquiera puede comprobar dándose una vuelta por cualquiera de nuestras calles. Creo que fuimos mucho más allá de nuestras competencias y asumimos políticas de dinamización económica que le corresponderían a otras administraciones y por las que aún estamos esperando; locales afectados por los cierres de coronavirus pudieron en este Ayuntamiento retrasar el pago de tasas e incluso recibos de suministros; Pudieron, también, extender sus terrazas por las aceras para permitirles seguir trabajando; pudieron, finalmente, ocupar, también, plazas de aparcamiento donde no había espacio para que la afección sobre su actividad fuera menor. Ayer mismo, sí, señora Cendán, este Gobierno anunciaba como medida excepcional y previa solicitud, que los denominados café bares especiales, los pubs y el ocio nocturno pudiesen funcionar como cafeterías hasta el próximo 31 de enero. Queremos, así, ser parte de la solución, no del problema que está viviendo el sector y esperamos que la suavización de las restricciones establecidas por la Xunta de Galicia camine también en la misma dirección. Nosotros no paramos solo en el plano normativo. Los hosteleros, con los que nos hemos reunido en muchas ocasiones, saben de la implicación de nuestra alcaldesa y del Gobierno en su totalidad, para encontrar soluciones y, por cierto, de esos encuentros y de la voluntad mayoritaria, unánime del Pleno, salió un plan único, el PRESCO, que, por cierto, podrían ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *y finalizo, señora alcaldesa, contárselo, señora Cendán, allí donde gobiernan sus compañeros, porque ustedes también forman parte de este acuerdo, de este gran acuerdo. Solo*

directa de axudas con máis de 6 millóns de euros por parte dunha Administración local como o Concello, por agora, a Xunta de Galicia non foi capaz de estar nunha altura, senón, tan sequera de asomarse. Corresponsabilidade, menos falar de Madrid, que nisto ten pouco que ver, e moito máis falar das competencias e que a Xunta estea á altura do que está a facer o Concello. Tomen nota do que se fai aquí, que lles iría mellor.

para que se quede con un dato: hoy mismo hicimos nuevamente pagos con respecto al PRESCO, pero, dicho eso, una línea directa de ayudas con más de 6 millones de euros por parte de una Administración local como el Ayuntamiento, por ahora, la Xunta de Galicia no fue capaz de estar a una altura, sino, tan siquiera de asomarse. Corresponsabilidad, menos hablar de Madrid, que en esto tiene poco que ver, y mucho más hablar de las competencias y que la Xunta esté a la altura de lo que está haciendo el Ayuntamiento. Tomen nota de lo que se hace aquí, que les iría mejor.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage...silencio, por favor.

Muchas gracias, señor Lage...silencio, por favor.

Procedemos á votación desta moción.

Procedemos a la votación de esta moción.

Votación da segunda moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Votación de la segunda moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a problemática da hostalaría ante as restricións impostas por mor da covid-19, emendada polo Grupo Municipal Popular, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre la problemática de la hostelería ante las restricciones impuestas a causa de la covid-19, enmendada por el Grupo Municipal Popular, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (6 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Moi ben, pois queda aprobada por unanimidade, moitas grazas.

145. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre a problemática da hostalaría ante as restricións impostas por mor da covid-19, emendada polo Grupo Municipal Popular

Acordo

1. Instar a Xunta de Galiza e o Concello da Coruña, nos seus respectivos ámbitos de competencia, á adopción das seguintes medidas:

1.1 Permitir unha ampliación mínima do horario do servizo de hostalaría dentro do marco legal establecido polo Goberno central, co estrito cumprimento da lexislación sanitaria.

1.2 Permitir, de xeito extraordinario, as mesmas condicións de apertura e peche a todas as modalidades de licenza de hostalaría (Grupos 1, 2 e 3) sempre co estrito cumprimento das medidas sanitarias.

1.3 Primar, a efectos de aforo, a obrigatoriedade do respecto das distancias de seguranza sobre a limitación de aforo, garantindo o labor de supervisión das administracións para velar polo estrito cumprimento das medidas de seguranza.

1.4 Axilizar os trámites de concesión de

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).

Presidencia

Muy bien, pues queda aprobada por unanimidad, muchas gracias.

145. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre la problemática de la hostelería ante las restricciones impuestas a causa de la covid-19, enmendada por el Grupo Municipal Popular

Acuerdo

1. Instar a la Xunta de Galicia y al Ayuntamiento de A Coruña, en sus respectivos ámbitos de competencia, a la adopción de las siguientes medidas:

1.1 Permitir una ampliación mínima del horario del servicio de hostelería dentro del marco legal establecido por el Gobierno central, con el estricto cumplimiento de la legislación sanitaria.

1.2 Permitir, de forma extraordinaria, las mismas condiciones de apertura y cierre a todas las modalidades de licencia de hostelería (Grupos 1, 2 y 3) siempre con el estricto cumplimiento de las medidas sanitarias.

1.3 Primar, a efectos de aforo, la obligatoriedad del respeto de las distancias de seguridad sobre la limitación de aforo, garantizando la labor de supervisión de las administraciones para velar por el estricto cumplimiento de las medidas de seguridad.

1.4 Agilizar los trámites de concesión de

licenzas administrativas, especialmente as relativas ás terrazas.

2. No relativo ao ocio nocturno:

2.1 Instar a Xunta de Galiza a que os cafés bares especiais poidan abrir entre as 10 h e a hora límite de peche de todos os establecementos, cumprindo estritamente as limitacións de capacidade e as medidas sanitarias e de seguranza establecidas para o conxunto de locais.

2.2 Instar a Xunta de Galiza a que os locais de ocio nocturno con licenza en vigor poidan traballar nas mesmas condicións que o resto de locais de hostalaría se reúnen os requisitos, compren horarios e se aplica o mesmo protocolo de seguridade fronte á pandemia.

2.3 Instar o Goberno municipal a modificar de xeito temporal as condicións das licenzas, para que estes locais poidan abrir en igualdade de condicións que o resto de locais de hostalaría, mentres dure a crise sanitaria.

2.4 Instar o Goberno municipal a axilizar a concesión das axudas contempladas no PRESCO e flexibilizar algunhas condicións á hora de xustificar os requisitos esixidos.

2.5 Instar a Xunta de Galiza a elaborar un plan específico de desescalada para os establecementos de ocio nocturno e que se analicen posíbeis vías de apoio para a súa subsistencia co obxecto de garantir o mantemento do emprego.

Presidencia

Remata aquí a quenda do Bloque Nacionalista Galego. Pasamos xa co

licencias administrativas, especialmente las relativas a las terrazas.

2. En lo relativo al ocio nocturno:

2.1 Instar a la Xunta de Galicia a que los cafés bares especiales puedan abrir entre las 10 h y la hora límite de cierre de todos los establecimientos, cumpliendo estrictamente las limitaciones de capacidad y las medidas sanitarias y de seguridad establecidas para el conjunto de locales.

2.2 Instar a la Xunta de Galicia a que los locales de ocio nocturno con licencia en vigor puedan trabajar en iguales condiciones que el resto de locales de hostelería si reúnen los requisitos, cumplen horarios y se aplica el mismo protocolo de seguridad frente a la pandemia.

2.3 Instar al Gobierno municipal a modificar de manera temporal las condiciones de las licencias, para que estos locales puedan abrir en igualdad de condiciones que el resto de locales de hostelería, mientras dure la crisis sanitaria.

2.4 Instar al Gobierno municipal a agilizar la concesión de las ayudas contempladas en el PRESCO y flexibilizar algunas condiciones a la hora de justificar los requisitos exigidos.

2.5 Instar a la Xunta de Galicia a elaborar un plan específico de desescalada para los establecimientos de ocio nocturno y que se analicen posibles vías de apoyo para su subsistencia con el objeto de garantizar el mantenimiento del empleo.

Presidencia

Finaliza aquí el turno del Bloque Nacionalista Galego. Pasamos ya con el

Grupo Municipal da Marea Atlántica, á primeira das mocións, á que non constan emendas. Señora García, cando queira.

Grupo Municipal de la Marea Atlántica, a la primera de las mociones, a la que no constan enmiendas. Señora García, cuando quiera.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA

MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DE LA MAREA ATLÁNTICA

Primeira. Moción sobre o abandono da Coruña nos Orzamentos da Xunta e do Estado

Primera. Moción sobre el abandono de A Coruña en los Presupuestos de la Xunta y del Estado

Señora García Gómez

Señora García Gómez

Grazas.

Gracias.

Setembro é o momento de elaborar os Orzamentos das diferentes administracións: do Concello, da Xunta e máis do Estado. É un momento clave para a cidade porque materializa as políticas que pasan a ser feitos e que afectan a milleiros de persoas. Por experiencia sabemos que cando a Xunta e o Estado presentan as súas contas é moi difícil ou case imposible que se asuma ningún cambio, mais remata setembro e nada sabemos: nin das contas deste Goberno para o ano que vén, nin como pretende aprobalas, nin das demandas que lle eleva á Xunta e máis o Estado e nesta cuestión quero centrarme agora: señora Rey, agora é o momento da ofensiva diplomática, de prender todos os motores para que se eleve unha voz forte que lle esixa ás administracións os investimentos que A Coruña e a súa Área Metropolitana levan agardando moitos anos, mais non se lle escoita, señora Rey. Non coñecemos nin a primeira demanda deste Goberno á Xunta de Galicia, que parece ter certa inquina tacaña con aqueles municipios nos que non goberna. As súas promesas son propaganda, son promesas recicladas e agóchanse tras o anuncio dun novo CHUAC sen que se chegara a rematar, sequera, o plan director previsto para hai dez anos.

Septiembre es el momento de elaborar los Presupuestos de las diferentes administraciones: del Ayuntamiento, de la Xunta y del Estado. Es un momento clave para la ciudad porque materializa las políticas que pasan a ser hechos y que afectan a millares de personas. Por experiencia sabemos que cuando la Xunta y el Estado presentan sus cuentas ya es muy difícil o casi imposible que se asuma ningún cambio, pero finaliza septiembre y nada sabemos: ni de las cuentas de este Gobierno para el año que viene, ni cómo pretende aprobarlas, ni de las demandas que le eleva a la Xunta y al Estado y en esta cuestión quiero centrarme ahora: señora Rey, ahora es el momento de la ofensiva diplomática, de encender todos los motores para que se eleve una voz fuerte que le exija a las administraciones las inversiones que A Coruña y su Área Metropolitana llevan esperando muchos años, pero no se le escucha, señora Rey. No conocemos ni la primera demanda de este Gobierno a la Xunta de Galicia, que parece tener cierta inquina tacaña con aquellos municipios en los que no gobierna. Sus promesas son propaganda, son promesas recicladas y se esconden tras el anuncio de un nuevo CHUAC sin que llegase a finalizar, siquiera, el plan director previsto para

Tampouco sabemos que lle está demandando o Goberno central, co que prometeu ter liña directa a través dese teléfono vermello pero que ata agora non amosou nin o máis mínimo interese por esta cidade. Acabamos de velo co caso Fuenlabrada, pero tamén houbo antes esa ilustrativa visita do señor Ábalos -*responsable de repartir os pans e os peixes*- e poñerlle nome e apelidos aos investimentos do Estado en infraestruturas absolutamente esenciais para a principal área económica de Galicia.

hace diez años. Tampoco sabemos qué le está demandando al Gobierno central, con el que prometió tener línea directa a través de ese teléfono rojo pero que hasta ahora no mostró ni el más mínimo interés por esta ciudad. Acabamos de verlo con el caso Fuenlabrada, pero también hubo antes esa ilustrativa visita del señor Ábalos —responsable de repartir los panes y los peces— *y ponerle nombre y apellidos a las inversiones del Estado en infraestructuras absolutamente esenciales para la principal área económica de Galicia.*

A moción que presentamos propón a esta Corporación dous acordos para os que non debería ser difícil acadar esa unanimidade. En primeiro lugar, convocar un Pleno extraordinario no que debater e consensuar as demandas conxuntas da Corporación á Xunta e o Goberno do Estado, y en segundo lugar, instar a estas administracións a ter en conta as demandas históricas da Coruña.

La moción que presentamos propone a esta Corporación dos acuerdos para los que no debería ser difícil conseguir esa unanimidad. En primer lugar, convocar un Pleno extraordinario en el que debatir y consensuar las demandas conjuntas de la Corporación a la Xunta y al Gobierno del Estado, y en segundo lugar, instar a estas administraciones a tener en cuenta las demandas históricas de A Coruña.

Non cremos que sexa difícil acadar un acordo unánime, a non ser que o que prime aquí sexa quen adopta a iniciativa. Son acordos sobre investimentos tan importantes como a pasarela de Pedralonga, para que a veciñanza deixe de xogarse a vida; sobre a humanización de Alfonso Molina, proxecto xa acordado e consensuado co Ministerio de Fomento, daquela; sobre a condonación da débeda da Autoridade Portuaria, agora que a alcaldesa pretende ensanchar o Ensanche, nunca mellor dito, malia a oposición da exconcelleira de Ciudadanos, que non está de acordo con condonar esta débeda; son investimentos que teñen que ver co tren a Ferrol, a Lugo ou a Punta Langosteira ou sobre a estación Intermodal, na que proliferan as fotos e proliferan as declaracións pero sigue lonxe de someterse a licitación. Tampouco cremos que sexa difícil acadar un acordo e solicitarlle á Xunta que se

No creemos que sea difícil conseguir un acuerdo unánime, a no ser que lo que prime aquí sea quién adopta la iniciativa. Son acuerdos sobre inversiones tan importantes como la pasarela de Pedralonga, para que la vecindad deje de jugarse la vida; sobre la humanización de Alfonso Molina, proyecto ya acordado y consensuado con el Ministerio de Fomento, entonces; sobre la condonación de la deuda de la Autoridad Portuaria, ahora que la alcaldesa pretende ensanchar el Ensanche, nunca mejor dicho, a pesar de la oposición de la exconcejala de Ciudadanos, que no está de acuerdo con condonar esta deuda; son inversiones que tienen que ver con el tren a Ferrol, a Lugo o a Punta Langosteira o sobre la estación Intermodal, en la que proliferan las fotos y proliferan las declaraciones pero sigue lejos de someterse a licitación. Tampoco creemos que sea difícil conseguir un

deixe de prometer, ano tras ano, os mesmos investimentos e aporte fondos por fin para os colexios, para a atención primaria da sanidade pública -pública, señora Rey- ou para a Orquestra Sinfónica de Galicia ou para indemnizar os mariscadores durante a dragaxe da ría do Burgo, porque aquí, no caso de que se materialice, pagan o Estado e a Unión Europea. Seguimos agardando pola residencia de maiores de Eirís, polo Espazo Amizar, polos fondos para rehabilitación ou para a Cidade das TIC pero apostamos -e aposto- a que volverán a ser promesas recicladas que ao cabo dos anos seguirán sen executarse. Convoque, señora Rey, un Pleno extraordinario para alzar a voz unánime de todos os grupos políticos e esixir que se trate á Coruña por fin como se merece. Moitas grazas.

